

Mar Fernández, Ana Cristina Macedo, Isabel Mociño e Ana Margarida Ramos (coords.). 2015. *De como a Literatura para a Infância e a Juventude «é chamada à guerra»: Reflexões sobre os conflitos bélicos na Galiza e em Portugal/ De como a Literatura Infantil e Xuvenil «é chamada á guerra»: Reflexións sobre os conflitos bélicos en Galicia e en Portugal*. Porto: Tropelias&Companhia. 283 pp.

Baixo a coordinación das investigadoras portuguesas Ana Cristina Macedo e Ana Margarida Ramos e das galegas Mar Fernández e Isabel Mociño *De como a Literatura para a Infância e a Juventude «é chamada à guerra»: Reflexões sobre os conflitos bélicos na Galiza e em Portugal/ De como a Literatura Infantil e Xuvenil «é chamada á guerra»: Reflexións sobre os conflitos bélicos en Galicia e en Portugal* achégase á presenza da temática da guerra na Literatura Infantil e Xuvenil dos ámbitos portugués e galego.

O volume, que parafrasea no seu título a obra da escritora lusa Ana de Castro Osório, *De como Portugal foi chamado à guerra. História para Crianças* (1918), e que lembra o escollido para os 20^{os} Encontros Luso-Galaicos do Livro Infantil e Juvenil, realizados na Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto nos días 12 e 13 de decembro de 2014, ábrese cunha presentación das coordinadoras que comeza afirmando que “A temática da guerra conta cunha presenza constante na literatura en xeral e na destinada aos máis novos en particular” (Fernández, Macedo, Mociño e Ramos 2015: 15). Esta aseveración, que pode semellar nun primeiro momento demasiado tallante, sobre todo se se pensa nun conflito bélico concreto como pode ser a Guerra Civil española e nalgún sistema literario infantil e xuvenil ibérico emerxente en comparación con outros, axiña é xustificada nas seguintes

liñas ao sinalaren as coordinadoras as diferentes e amplas posibilidades de tratamento que as guerras en xeral, e non unha concreta en particular, poden ter na literatura destinada aos máis novos (a guerra como motivo de denuncia ou obxecto de exaltación; como elemento configurador da identidade; como denuncia do absurdo na voz de vítimas inocentes como son os nenos e nenas etc.).

A seguir, nesta breve presentación, Mar Fernández, Ana Cristina Macedo, Isabel Mociño e Ana Margarida Ramos lembran, de maneira xeral, pois como aclaran a súa pretensión non é ser exhaustivas, algunhas publicacións de diferente índole xurdidas a raíz dunha reflexión máis sistemática sobre os conflitos bélicos e a Literatura Infantil e Xuvenil e recordan, de maneira principal, un par de proxectos de investigación internacionais que trataron o tema e nos que tanto a literatura portuguesa como a galega (esta última só nun deses proxectos) estiveron presentes.

Despois de encadrar a monografía nas actividades desenvolvidas no marco do proxecto denominado “Tematología y Métodos: Las guerras en la narrativa juvenil en el Marco Ibérico”, subvencionado polo Ministerio de Economía y Competitividad (FFI2013-42702-P) do Estado Español e naquelas coorganizadas por varias institucións e iniciativas de relevo no estudo da Literatura Infantil e Xuvenil tanto do ámbito galego coma portugués, tal é o caso do grupo LITER21, da Rede LIJMI, da Asociación Galego-Portuguesa ELOS, de ELOS-Galicia. Asociación de Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil e da revista *Malasartes*, as coordinadoras rematan a súa “Presentación” dando conta da estrutura do volume en dous amplos apartados, “Estudios e notas” e “Recensões críticas/Recensões críticas”, e, de maneira sucinta, do seu contido.

No que ao primeiro apartado se refire, “Estudios e notas”, este acolle un conxunto de dezaseis traballos (nove relacionados coa literatura portuguesa e sete coa literatura galega), realizados todos, a excepción de dous, por mulleres. Este feito contradi a idea, seguramente aceptada de maneira xeral na sociedade, de que os conflitos bélicos son cousas de homes pois, cando menos nesta ocasión, o estudo da presenza dos conflitos bélicos nas literaturas infantís e xuvenís portuguesa e galega semellan ser cousa de interese das mulleres.

No que á literatura portuguesa se refire, á experiencia da escrita sobre as guerras, recollida en “Escrever para crianças sobre a guerra”, da recoñecida

escritora Luísa Ducla Soares, autora que remata a súa achega cunha frase ben significativa (“Escrever para elas [as crianças] sobre a guerra é tentar vaciná-las para a paz”) (en Fernández, Macedo, Mociño e Ramos 2015: 35), engádense traballos de diferente feitío centrados en obras de autores e autoras portuguesas de diferentes épocas, tal é o caso de “Peregrinação entre Fernão Mendes Pinto e Aquilino Ribeiro: dos traballos que ‘o pobre de mim’ passou no Oriente”, de Elisama Oliveira; “*De como Portugal foi chamado à guerra*, de Ana de Castro Osório”, de Sara Reis da Silva; “Da inocência agredida à ‘inocência recompensada’: Aquilino Ribeiro e Menezes Ferreira”, de José António Gomes; “Transferência de memórias: a ideia da guerra na literatura infantil e juvenil”, de Madalena Teixeira da Silva; “Contornando o silêncio: a guerra colonial na LIJ portuguesa”, de Ana Margarida Ramos; “E essa coisa é que é linda. A propósito de *Tudo é sempre outra coisa*, de João Pedro Mésseder e Rachel Caiano”, de Rita Taborda Duarte, e de “A busca da felicidade nas palabras, a propósito da publicación de *O Gato Karl- A Palavraria*, de Francisco Duarte Mangas”, de Ana Margarida Ramos. Péchase esta parte portuguesa con “Como nasce unha historia de guerra? – *Que Luz Estarias a Ler*”, outra reflexión sobre a escrita, neste caso da autoría de João Pedro Mésseder, escritor convertido en entrevistador de Ana Biscaia, a ilustradora do seu texto.

19

Pola súa banda, no eido da Literatura Galega atópanse os traballos “Conflitos bélicos nos inicios da LIX galega: Camilo Díaz Baliño e Xosé Neira Vilas”, de Carmen Ferreira Boo; “A guerra na obra de Agustín Fernández Paz”, de Eulalia Agrelo Costas; “A Grande Guerra na Literatura Infantil e Xuvenil galega: *U-49* de Rafael Lema”, de Isabel Mociño González; “A chamada á guerra na literatura distópica: destrución política e construción persoal en *Divergent*, de Veronica Roth”, de Verónica Casais Vila e Alba Rozas Arceo; “*Febre* polo volframio durante a Segunda Guerra Mundial”, de Mar Fernández Vázquez, e “Paula Carballeira na Literatura Infantil e Xuvenil galega. *O principio*, entre a perda e a esperanza”, de Blanca-Ana Roig Rechou, practicamente a totalidade deles centrados en obras da Literatura Infantil e Xuvenil galega que se achegaron a diferentes conflitos bélicos, a maior parte deles reais, e que deberían ser tidas en conta polos mediadores de cara á posta en práctica dunha axeitada educación literaria. A eles súmase “A guerra na Educación Secundaria en Galicia. Deseño dunha enquisa para avaliar o uso de textos literarios”, de Josefa Mosteiro García e Ana M^a Porto Castro, no que as autoras presentan o procedemento levado a cabo para

elaborar un “Cuestionario sobre o Uso de Textos Literarios que abordan a temática dos conflitos bélicos na aula” co que coñecer o uso que o profesorado das materias de lingua fan dos textos literarios que abordan conflitos bélicos, así como os resultados acadados despois da realización dunha mostra piloto a corenta e dous profesores/as de ensino secundario e bacharelato de Galicia.

No segundo apartado desta monografía, “Recensões críticas/Recensións críticas”, inclúese un total de sete recensións de obras publicadas nos tres últimos anos. É o caso de *Educação literaria e Literatura Infantojuvenil/ Educación literaria e Literatura Infantil e Xuvenil* (2013), de Blanca-Ana Roig Rechou, a cargo de Ana Belén Moreda Rodríguez; de *De la Literatura Infantil a la Promoción de la Lectura* (2013), editada por Sandra Álvarez Ledo, Carmen Ferreira Boo e Marta Neira Rodríguez, a cargo de Laura Blanco Casás; de *Historias en torno al arte y a la educación artística: Notas para un posible diario* (2013), da autoría de M^a Jesús Agra Pardiñas, recensionada por Inés Díaz Sánchez-Marta; de *The Representations of Spanish Civil War in the European Children’s Narratives (1975-2008)* (2014), que ten como editoras a Blanca-Ana Roig Rechou e Veljka Ruzicka Kenfel e da que fai o comentario crítico Verónica Casais Vila; de *Casas muito doces: Reescritas infanto-juvenis de Hänsel e Gretel* (2015), de Sara Reis da Silva, responsabilidade de Blanca-Ana Roig Rechou; de *Pensamento que Respira e Palavra que Arde* (2015), de João Manuel Ribeiro, a cargo de Ana Margarida Ramos, e de *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega* (2015), volume coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou e cuxa recensión foi feita por Carina Rodrigues. Malia todas elas seren obras claves para calquera mediador interesado en formarse ou consolidar a súa formación, destaco aquí para o ámbito galego o comentario da obra que aparece en último lugar, *Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega*, pois, como sinala Carina Rodrigues (en Fernández, Macedo, Mociño e Ramos 2015: 279) recollendo as palabras da coordinadora, foi feita “Com o desígnio de cubrir o vazio existente em torno do conhecimento sistemático da produção literária galega destinada ao público infantojuvenil”. Trátase dun traballo que xa foi recoñecido pola crítica malia a súa recente publicación e que, aínda que con eivas que de seguro serán corrixidas en futuras edicións, é de imprescindíbel consulta para os interesados na Literatura Infantil e Xuvenil galega.

En definitiva, *De como a Literatura para a Infância e a Juventude «é chamada à guerra»: Reflexões sobre os conflitos bélicos na Galiza e em Portugal/ De como a*

Literatura Infantil e Xuvenil «é chamada á guerra»: Reflexións sobre os conflitos bélicos en Galicia e en Portugal convértese nun instrumento de referencia para os investigadores pero, sobre todo, para os mediadores (familias, profesorado, bibliotecarios etc.) que queiran afondar en cómo a temática bélica foi reflectida nos textos literarios dirixidos aos máis novos e que queiran estar informados de obras críticas que os poidan orientar no seu labor de mediador entre o libro e a lectura.

Marta Neira